

Xacemento do Prado / A Cidade / A Cibdá /A finca das señoritas

030271

Datos de Localización

Xacemento Indeterminado

Nomenclator:	3206204
Coord. UTM:	X: 59586898 Y: 465178505
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PORQUEIRA
Lugar:	Forxa
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Xacementos Indeterminados
Subtipo:	Xacemento Indeterminado



Denominación: Xacemento do Prado / A Cidade / A Cibdá /A finca das señoritas

Etapa Histórica: Indeterminada

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Para chegar ata o xacemento súbese dende A Forxa ata a Torre, unha vez aquí hai que desprazarse de cara o río Fírbeda que se atravesará a través da chamada "Ponte de Pao". Deixando o río á man dereita empátase cunha rodeira que leva ata o xacemento.

Atopámonos ante un xacemento de tipoloxía indeterminada situado a media ladeira do monte. Na actualidade estas terras están adicadas a prado, contando todo ó redor o lameiro cun mesto monte. Segundo a ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta, e como se puido comprobar no propio terreo, nada se ve a día de hoxe pola adicación destas terras, o único que chama a atención e a gran pedregosidade que abunda nos arredores.

Este indeterminado asentamento, quizáis garde algún tipo de relación co castro próximo. Un castro que se atopa entre dous concellos, as súas terras pertencen a maior parte a Castelaus (Calvos de Randín) e unha pequena porción a Xocín (A Porqueira). De feito este xacemento está catalogado nos dous concellos, conta con dúas fichas diferentes inda sendo o mesmo ben arqueolóxico. As claves de identificación do castro son as seguintes: GA32062002 / GA32016025. O Castro na zona do concello de A Porqueira os veciños sóeno denominar como "A Cidade", mentres que na parte de Calvos chámanlle "O Coto".

Moi preto corre o río Fírbeda coa súa cascada, esto propicia a gran cantidade de mitos e lendas de mouras que persisten no lugar. Algunhas destas lendas que contan veciños dos lugares de A Torre, A Forxa, Xocín, Faramiñás, Faramontaos ou Sabucedo e que tamén se atopan recollidas na ficha do inventario da Xunta son as seguintes:

"Agora está todo cheo de maleza e de bosque pero cando andaba todo ben limpiño sentíase retumbar a auga da cascada aquí en Sabucedo...".

"Na cascada do Fírbeda, ó pé da Cidade, din que aparecía unha moura sempre antes de saír o sol para peitear os seus cabelos dourados, sendo o seu peine tamén de ouro...".

"Entre a Poza do Fírbeda e A Cidade hai un túnel que fura o monte, din que alí na Cidade viviron os mouros...".

No lugar de Castelaus (Calvos de Randín), tamén se dan lendas en torno ó mesmo complexo, un veciño do pobo chamado Dosindo Sotelo contou que "...os carros ó subir ata "A Cidade", "O Coto" pola carreira que nace por enriba do río Fírbeda, pasaban sobre unha trabe de ouro agochada polos mouros. A trabe está tan ó ras do camiño que as rodas dos carros vana desgastando...".

Na cima do lameiro aínda se pode apreciar unha pequena construción realizada a base de perpiaños irregulares combinados en algúns casos con cahotería. A construción só conserva as paredes, carece de cuberta.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: 32062REF-1.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo III

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació 0

Uso Actual: Agrícola / gandeiro

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







